

Presentación do número

O turismo é un dos sectores económicos que máis ten crecido a nivel mundial; constitúe unha verdadeira industria que atrae divisas e inversións nun curto período de tempo, o que pode constituir unha oportunidade para o desenvolvemento sostible (mellora de infraestruturas, oportunidades de formación e emprego, valorización do propio etc.), ou ben, pode conlevar importantes desaxustes (impactos no medio natural, desculturización, movementos migratorios, os beneficios económicos fican deslocalizados etc.).

O turismo reproduce, e as veces afonda, as asimetrías existentes entre os países desenvolvidos (os que mandan viaxeiros polo mundo) e os que están en vías de selo (os que reciben as demandas e aos visitantes). Trátase dunha industria baseada no consumo (consumismo), que ten que lanzar ao mercado novos produtos, cada vez máis desexables e exóticos.

Moitos dos efectos negativos do turismo (especialmente do de masas) teñen moito que ver coa actitude e comportamento das persoas que viaxan, razón pola que os programas de sensibilización e educación ambiental son máis importantes que nunca, tanto para que a cidadanía demande límites a un crecemento turístico depredador e globalizado, como para favorecer modelos de turismo respectuosos co medio ambiente e coas culturas locais.

Neste número presentamos unha serie de reflexións de carácter xeral que serven para encastrar estratexias educativas e de xestión de cara a un turismo sustentable, e tamén estudos e experiencias que ilustran que é posible promover outras formas de turismo a pequena escala, e baseado na singularidade do lugar, o que non quita que sexan necesarios cambios estruturais dun modelo de turismo hexemónico mundial de carácter neo-colonial.

Consello de Dirección